

ÁNGELES ALVARIÑO, PRIMEIRA MULLER ESCOLLIDA NO DÍA DA CIENCIA EN GALICIA



A **oceanógrafa galega** Ángeles Alvariño, a primeira científica que subiu a bordo dun buque de exploración británico a mediados do século XX e recoñecida a nivel mundial tras describir 22 novas especies mariñas, será a primeira homenaxeada no Día da Ciencia en Galicia, xusto cando se cumpren dez anos do seu pasamento.

Esta celebración – que se conmemorará o **1 de xuño** – promóvea a Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) e substitúe ó “Día do Científico Galego”. Ángeles Alvariño é a primeira figura feminina protagonista deste día, que en edicións anteriores homenaxeou ó naturalista **Luis Iglesias**, ó xeógrafo **Isidro Parga Pondal**, ó astrónomo **Ramón María Aller Ulloa** ou ó humanista **Padre Feijóo**, entre outros.

A científica ferrolá está recoñecida como unha autoridade mundial en determinados tipos de **zooplancton**. Os seus colegas puxéronlle o seu nome a dúas novas especies: o quetognato *Aidanosagitta alvarinoae* e a hidromedusa *Lizzia alvarinoae*. No ano 2012 o Instituto Español de Oceanografía botou un buque oceanográfico bautizado co seu nome.



Coordinación EDLG

Fontes – El Faro de Vigo e Atlántico Diario